

SENDEIRISMO

O vindeiro **sábado 12 de abril** a Asociación Arrincadeira organiza unha visita á Reserva Biolóxica de Muniellos.

Pola mañán achegarémonos ata o Centro de Recepción de Tablizas, onde nos esperará un guía para facer o percorrido connosco.

A duración aproximada da marcha é de sete horas, feitas a un paso moderado, compatible coa observación dos aspectos máis relevantes da Reserva.

Dada a limitación de prazas para realizar as visitas diarias que impón o Goberno do Principado de Asturias, vémonos na obriga de fixar en 22 as prazas dispoñibles para acudir a este roteiro, polo que precisamos que fagades a reserva de prazas canto antes. Será tamén necesario que nos aportedes unha fotocopia do voso DNI, pois temos que solicitar unha autorización de entrada na Reserva para cada un de vos.

O custe da actividade é de 15 €, incluíndo o desprazamento e a comida, e a data tope para apuntarse é o domingo 23 de marzo.

Os interesados en vir connosco poden inscribirse chamando ó teléfono 687-701051 (Pedro) a partires das oito da tarde, ou dirixíndose a calquera membro da directiva.

Asociación ARRINCADEIRA